



## Causas dos cambios climáticos


### CAMBIOS AO LONGO DO TEMPO

As burbullas de aire retidas no xeo conteñen información sobre a concentración de CO<sub>2</sub> na atmosfera e o oxixeno da auga cristalizada da súa temperatura ao longo do tempo.

A evolución das concentracións de CO<sub>2</sub> na atmosfera e as temperaturas vai parella, como vemos nesta gráfica dos últimos 600.000 anos. A concentración de dióxido de carbono nunca estivo tan alta como agora.



Os niveis actuais de dióxido de carbono non encaixan cos ciclos naturais




O uso de combustibles fósiles implica a extracción de carbono que estaba apartado da atmosfera de xeito natural (carbón e petróleo).



### CAUSAS ANTROPOXÉNICAS (ORIXE DO CAMBIO CLIMÁTICO ACTUAL)

A acción humana, sobre todo a partir da Revolución Industrial, cando comeza o uso dos combustibles fósiles, influíu no clima



### O CO<sub>2</sub> na atmosfera non para de medrar

A liña vermella indica a evolución da concentración de dióxido de carbono na atmosfera (en partes por millón). Hai unha relación directa entre a concentración de CO<sub>2</sub> e o aumento da temperatura.

#### RESPONDE:

Cal é razón do maior aumento de emisións na segunda metade do século XXI?

Por que o uso de carbón e petróleo está relacionado co aumento da temperatura?

Por que se di que o carbón e o petróleo son recursos non renovables?